



CARBALLO INTERPLAY

XI EDICIÓN



BASES

PREMIO MELLOR CONTIDO DIXITAL EN GALEGO

CONDICIÓN XERAIS

A 11ª edición do festival Carballo Interplay que terá lugar en Carballo (Galicia) do 4 ao 7 de abril de 2024 convoca a inscrición para a categoría “Mellor contido dixital en galego”, que ten por obxectivo poñer en valor e visibilizar o traballo dos creadores e creadoras que difunden contidos en lingua galega na internet.

A inscrición é gratuíta e a data límite para a inscrición é o 22 de febreiro de 2024.

REQUISITOS E INSCRICIÓN DE TRABALLOS

Os proxectos deben de ser de creación propia e estar en lingua galega. As canles de difusión serán Youtube, TikTok ou Instagram.

Poderán inscribirse tanto creadores e creadoras como proxectos de contido específicos dentro dunha canle ou canles completas.

Non hai ningún tipo de restrición de formato, temática, xénero, estilo, nin persoas destinatarias, sempre que non conteñan ningún tipo de contido ofensivo contra ninguén.

Os proxectos deben ter un historial comprobable de publicacións e intención de continuidade. O comité de selección poderá solicitar a información necesaria para verificar dito historial.

A inscrición farase cubrindo debidamente [este formulario](#) que tamén se pode atopar na [web do festival](#).

O comité de selección do festival seleccionará os finalistas que terán a oportunidade de falar dos seus proxectos dentro da programación do festival.

COMUNICACIÓN E MATERIAIS

De resultar seleccionado un proxecto, a organización contactará cos seus creadores ou creadoras para solicitar o envío dos materiais correspondentes para a súa difusión dentro da programación do festival.

A organización resérvase o dereito de tomar unha mostra dos traballos seleccionadas para usar no tráiler oficial, ademais do dereito sobre o uso dos materiais (imaxes, capturas, etc.) para a promoción (programa impreso, cartel, prensa, internet, redes sociais, etc.) do evento.

XURADO E PREMIOS

O xurado estará composto por profesionais do sector audiovisual e dixital. A decisión do xurado é inapelable. O xurado poderá deixar desertos os premios, outorgar mencións especiais ou declarar ex aequo os premios.

Os premios outorgados serán os seguintes:

Premio a mellor canle. 600 euros.

Premio a mellor creador/a. 600 euros.

En caso de que o xurado decida que dous proxectos resulten premiados na mesma categoría a dotación económica repartirase a partes iguais entre as gañadoras.

Os premios estarán suxeitos ás posibles retencións fiscais que a lei estableza.

OBRIGAS DOS/AS PREMIADOS/AS

Os/as creadores/as premiados ou algún representante deles/as deberán estar presentes na entrega de premios. O festival comunicará a data e a decisión con tempo abondo para organizar a asistencia e farase cargo dos gastos de aloxamento e dietas dos/as premiados/as.

DEREITOS DE EXHIBICIÓN

A organización dá por feito que os/as titulares dos traballos presentadas ostentan todos os dereitos de exhibición e promoción das obras e materiais presentados e declina calquera responsabilidade con respecto á infracción desta norma.

O festival non se fará responsable das reclamacións que xurdan do incumprimento dos/as creadores/as ou produtoras que presenten un traballo de non posuír axeitadamente os dereitos sobre o material que envíe.

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS

A participación no festival implica a aceptación destas bases.

ORGANIZA



DIRIXE E PRODUCE

